

A CIDADE DE VIGO EN 1808

As sete portas

En 1808, o núcleo de Vigo era a vila amurallada, que se distribuía nun polígono que hoxe se inscribiría no **Casco Vello**. O recinto tiña sete portas. Aínda na actualidade podemos identificar os seus nomes:

- **Porta do Sol** (dos *Carneiros*, ou do *Salgueiral*). Era a porta emblemática de Vigo, e, a través do que hoxe é a Rúa do Príncipe, permitía a comunicación con Castela.
- **Porta da Gamboa**. Era unha porta de importante acceso de xentes e mercancías ó centro da Vila, xa que, a través do Areal, permitía a comunicación con Pontevedra.
- **Porta da Laxe**. Daba acceso directo ao mar, e foi o xerme do actual porto. O mar tiña calado, pero non había dique. Así que os barcos atracaban de costado.
- **Porta do Mar**. Daba acceso directo ao mar. Case que sempre estaba pechada, e só se abría en casos de galerna ou malas novas.
- **Porta do Berbés**. Era a porta que daba acceso ao barrio mariñeiro da Ribeira, e estaba situada ao remate da Rúa Real (chamada así porque, na Idade Media, por aquí transcurría o camiño real). Por ela accedían, maiormente, mariñeiros, carrexóns e

peixeiras.

- **Porta da Falperra.** Situada entre o que hoxe é a Rúa Elduayen e o Paseo de Alfonso XII, comunicaba coa estrada de Baiona e Tui. Tamén enlazaba co barrio do Berbés a través da costa da Barroca. Perto desta porta estaba a fonte máis emblemática de Vigo: a fonte da Falperra.

- **Porta do Pracer.** Esta era a porta de acceso natural para os labradores do Val do Fragoso, que accedían cada mañá para vender mercancías nas rúas. Perto desta porta había outra fonte famosa: a do Pracer.

Ademais, na cidade existían **dous recintos amurallados**:

- o **Castelo de San Sebastián** (onde hoxe se erixe o edificio do Concello), que conectaba directamente coa Ferreiría, rúa que estaba dentro das murallas.
- o **Castelo do Castro**, situado na cima do Monte Feroso, ou do Castro, que se empregaba como prisión para os detidos e desde o que a espléndida vista permitía vixiar o horizonte, aínda ata as illas Cíes, para alertar da entrada de velas inimigas.

1. **Le** o texto anterior.

2. **Contesta** a estas preguntas:

- Se quixeras ir cara **Nigrán**, por que porta sairías?
- E se quixeras ir cara **Porriño**?
- E se quixeras ir cara **Pontevedra, Santiago** ou **A Coruña**?
- **Os franceses** chegaron ata Vigo despois de vencer a Moore na Batalla de Elviña, na Coruña. **Por que porta cres que chegaron?** Por que?

Pódeste axudar dun Atlas de Galicia ou de España (búsqueda na Biblioteca)

3. Aquí tes o plano das antigas murallas. Na folla adxunta tes un fragmento do **plano actual de Vigo**. Utilizando o plano das murallas, os datos que che proporciona o texto e o nome das rúas actuais, **intenta localizar as portas e as murallas antigas**.

Se necesitas unha visión máis detallada da cidade, podes consultar na seguinte dirección:

<http://maps.google.es/maps?gbv=2&hl=es&q=Plano%20de%20Vigo&ndsp=20&ie=UTF-8&sa=N&tab=il>

